

ORDENANZA FISCAL NÚM. 112

TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo do centro de día para persoas maiores na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible destas taxas a prestación do servizo de Centro de Día.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento destas taxas, as persoas que asistan ó centro.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 5º. COTAS

Para os efectos de establecer as cotas que terá que achegar o usuario diferénciase entre prestación ordinaria do servizo (de luns a venres) e a prestación extraordinaria fóra da referida xornada (o chamado “respiro familiar”).

A) TÁBOA DE ACHEGA DO USUARIO PARA A PRESTACIÓN ORDINARIA DO SERVIZO

RENDA PERSOAL	COTA PARA ABOAR
CUSTO MÁXIMO: 462,76 €/MES	
CUSTO MÁXIMO TRANSPORTE: 46,28 €/MES	



IGUAL OU INFERIOR 70% IPREM	EXENTO	
SUPERIOR Ó 70 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 100 % IPREM	ATENCIÓN ASISTENCIAL EXENTO	TRANSPORTE 15,34 €/MES
SUPERIOR Ó 100 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 110 % IPREM	25 % CUSTO	TRANSPORTE 15,34 €/MES
SUPERIOR Ó 110 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 120 % IPREM	28,75 % CUSTO	TRANSPORTE 15,34 €/MES
SUPERIOR Ó 120 % Ó E INFERIOR OU IGUAL 130 % IPREM	32,5 % CUSTO	TRANSPORTE 15,34 €/MES
SUPERIOR Ó 130 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 140 % IPREM	36,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 140 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 150 % IPREM	40 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 150 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 160 % IPREM	43,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 160 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 170 % IPREM	47,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 170 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 180 % IPREM	51,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 180 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 190 % IPREM	55 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 190 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 200 % IPREM	58,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 200 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 210 % IPREM	62,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 210 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 220 % IPREM	66,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 220 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 230 % IPREM	70 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 230 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 240 % IPREM	73,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 240 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 250 % IPREM	77,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 250 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 260 % IPREM	81,25 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 260 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 270 % IPREM	85 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 270 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 280 % IPREM	88,75 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 280 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 290 % IPREM	92,5 % CUSTO	
SUPERIOR Ó 290 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 300 % IPREM	96,25 % CUSTO	

SUPERIOR Ó 300 % IPREM	100 % CUSTO
------------------------	-------------

B) TÁBOA DE ACHEGA DO USUARIO PARA A PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA DO SERVIZO (“RESPIRO FAMILIAR”)

RENDA PERSOAL	COTA PARA ABOAR
CUSTO MÁXIMO: 109,31 €/MES (*)	
IGUAL OU INFERIOR 100% IPREM	EXENTO
SUPERIOR Ó 100 % IPREM E INFERIOR OU IGUAL Ó 110 % IPREM	25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 110 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 120 % IPREM	28,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 120 % E INFERIOR OU IGUAL 130 % IPREM	32,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 130 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 140 % IPREM	36,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 140 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 150 % IPREM	40 % CUSTO
SUPERIOR Ó 150 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 160 % IPREM	43,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 160 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 170 % IPREM	47,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 170 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 180 % IPREM	51,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 180 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 190 % IPREM	55 % CUSTO
SUPERIOR Ó 190 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 200 % IPREM	58,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 200 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 210 % IPREM	62,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 210 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 220 % IPREM	66,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 220 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 230 % IPREM	70 % CUSTO
SUPERIOR Ó 230 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 240 % IPREM	73,75 % CUSTO
SUPERIOR Ó 240 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 250 % IPREM	77,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 250 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 260 % IPREM	81,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 260 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 270 % IPREM	85 % CUSTO
SUPERIOR Ó 270 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 280 % IPREM	88,75 % CUSTO

SUPERIOR Ó 280 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 290 % IPREM	92,5 % CUSTO
SUPERIOR Ó 290 % E INFERIOR OU IGUAL Ó 300 % IPREM	96,25 % CUSTO
SUPERIOR Ó 300 % IPREM	100 % CUSTO

(*) A cota establecida pola prestación extraordinaria do servizo corresponde ó incremento da prestación ordinaria nunha única xornada semanal, de xeito que no caso de aumentar o número de xornadas extraordinarias incrementarase a cota proporcionalmente.

Para o cálculo da cota terase en conta o importe da renda persoal dos usuarios/as do servizo, a ditos efectos terase en conta:

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo centro de día calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, o seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes: cónxuxe ou parella de feito, e os ascendentes ou fillos /as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente do solicitante.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario e os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% ós menores de 35 anos.

Para o cómputo do patrimonio estarase ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio incluído a vivenda habitual e ata o límite que determine a lexislación sobre o patrimonio aplicable.

Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida así como a declaración responsable do patrimonio cumprimentada polo usuario/a ou o seu representante.

ARTIGO 6º. DEVENGO E INGRESO

- As taxas reguladoras na presente ordenanza devengarase no momento en que se outorgue a prestación do servizo.
- O pagamento das taxas realizarase a trimestre vencido, prorrateándose por días naturais cando a alta ou a baixa no servizo non se corresponda co primeiro ou co último día do período. O pagamento realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.
- O departamento de Benestar Social remitiralle á oficina de Recadación a relación mensual de usuarios con especificación dos datos bancarios de domiciliación e os correspondentes recibos, así como o informe sobre as cotas que deben ser anuladas.
- En caso de utilizarse o Centro de Día a media xornada aboarase o 50 % da cota xirada en concepto de atención asistencial, e que lle correspondería se fixera uso do servizo completo, máis o 100% da cota xirada en concepto de transporte no caso de estar de alta neste concepto.
- O pagamento da cota, no caso de usuarios a xornada completa, realizarase na súa totalidade independentemente da non utilización do servizo de manutención durante todo o mes, e da utilización ou non do servizo de transporte no caso de estar de alta neste concepto.
- En caso da non-utilización do transporte nalgún dos traxectos (ida ou volta) aboarase igualmente a cota mínima establecida para o transporte.

- O pagamento da cota realizarase na súa totalidade en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias e nos supostos de ausencias temporais.
- Nos casos de ausencias obrigadas, sempre que se xustifiquen debidamente, o usuario estará exento do pagamento no correspondente ó primeiro mes.
- Será causa de suspensión temporal do servizo o non pagamento, sen causa xustificada, dunha cota das taxas xiradas pola prestación do servizo.
- Será causa de extinción do servizo o non pagamento, sen causa xustificada, de dúas cotas consecutivas das taxas xiradas pola prestación do servizo.

ARTIGO 7º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

No relativo a infracción s tributarias desta ordenanza será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 8º. NORMAS ADICIONAIS

Para o aproveitamento do servizo deberá estarse ó disposto na Ordenanza reguladora do funcionamento dos Centro de Día pertencentes ós Servizos Sociais do Concello de Lugo ou ben no Regulamento do servizo no caso de prestarse de xeito indirecto.

ARTIGO 9º. DISPOSICIÓNS FINAIS

1. No non previsto nesta ordenanza fiscal será de aplicación a Ordenanza fiscal xeral e a Lei xeral tributaria.

2. A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e 7 de novembro de 2011, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Vista instrución número 0/2010 da Dirección Xeral de Dependencia que permite que aqueles recursos de titularidade municipal ou privada que teñan as autorización s regulamentarias para a prestación de servizos sociais sexan susceptibles de libranzas vinculadas, e requirido informe a Comunidade Autónoma no que se clarifique este extremo procede non modificar a actual ordenanza fiscal á espera de ver como se desenvolve a normativa autonómica.